

## Trucos para usar o iPhone

O iPhone conta cunhas características especiais que convén coñecer antes de utilizalo por primeira vez



Desde a saída ao mercado en 2007 da primeira xeración do iPhone, o teléfono de Apple converteuse no *smartphone* que marcou o ritmo do sector. A súa sinxeleza de uso e o seu ámbito gráfico propiciaron que moitos usuarios comencen a utilizar por primeira vez Internet desde este aparato. No entanto, este teléfono conta cunha serie de particularidades que se deben coñecer para dar os primeiros pasos e para tirar o maior proveito del.

### É necesario adquirir unha nova tarxeta SIM?

O iPhone 5 utiliza un novo formato de tarxeta SIM denominado Nano SIM, mentres que o iPhone 4 e 4 S usan o formato Micro SIM. Ambas as dúas tarxetas son máis pequenas que a SIM estándar, polo tanto, é necesario adquirir unha nova do tamaño apropiado para poder usar a última versión do iPhone.

Os operadores de telecomunicacións contan con este tipo de tarxetas, polo que se pode ir á tenda e pedir a tarxeta axeitada ao modelo de iPhone

do usuario. Mesmo non cómpre ir á tenda, pódese chamar por teléfono ou solicitar a SIM por Internet desde a páxina de cada operador. Isto é así no caso de comprar o terminal libre; se é subvencionado, porán a tarxeta SIM na mesma tenda.

### Como se activa o iPhone por primeira vez?

Unha vez desembalado da caixa e coa tarxeta SIM xa incorporada na rañura correspondente —para o que se utilizará un clip prateado que acompaña ao teléfono—, hai que acender o terminal premendo o botón do costado superior da esquina esquerda, que ten as funcións de entrar en repouso e activación. A continuación, débese desbloquear a pantalla. Para iso, arrástrase o símbolo do ferrollo de esquerda a dereita sobre a barra horizontal, na parte inferior da pantalla. O desprazamento, como case todo neste móbil, é táctil.

Así aparecerán unha serie de pantallas onde rematar de configurar o terminal co idioma por defecto, o país, a conexión a Internet mediante

unha rede Wi-fi e a activación do servizo de localización do iPhone. As instrucións para facelo son moi intuitivas: abonda con responder ás preguntas que fai o teléfono sobre as preferencias do usuario. As respostas consisten en dar aprobación ou non, mediante a pulsación de botóns, a cada unha das opcións.

### Que significa que debo configurar o iPhone como novo?

O teléfono facilita tres opcións: configurar o iPhone como novo (para usuarios que utilicen un iPhone por primeira vez); restaurar unha copia de seguridade desde o servizo iCloud (o servizo na “nube” de Apple); ou restaurar unha copia de seguridade desde a aplicación de escritorio iTunes.

Se se configura como novo, débense introducir todos os novos datos do usuario á man, por exemplo os contactos, pero tamén as aplicacións que se desexan ter.

Se se escollen as segundas opcións, pasarán ao novo iPhone as configuracións que xa se tiñan no anterior.

### É necesario dispoñer dunha conta persoal en Apple?

Para poder tirar todo o proveito do iPhone, cómpre crear unha conta de usuario. Esta conta é requirida para realizar algunhas accións, como instalar e comprar os contidos e as aplicacións dispoñibles na tenda en liña iTunes App.

### Onde se configuran os parámetros do iPhone?

Todas as opcións de configuración do iPhone atópanse dispoñibles baixo a aplicación “Axustes”. Aspectos como configuración de redes sen arames, conexións de datos 3 G ou Bluetooth áchanse neste apartado. Tamén se controla todo o relacionado co ámbito gráfico do usuario, a privacidade e a configuración e sincronización de contas de correo ou a configuración de alertas sonoras.

### É imprescindible dispoñer dun ordenador para poder utilizar o iPhone?

Desde a versión anterior do sistema operativo de Apple para dispositivos móbiles xa non é necesario utilizar un ordenador coa aplicación iTunes para activar e comezar a usar o iPhone. Con todo, é recomendable non descartar esta opción para sincronizar e cargar vídeos, películas ou música dispoñibles, na biblioteca persoal do usuario no ordenador, ao iPhone. Ademais, desde iTunes tamén se poden comprar directamente aplicacións e xestionar outros aspectos do aparato relacionados coa carga e sincronización de datos.

### Como se realiza unha copia de seguridade do iPhone?

Pódese facer unha copia de seguridade do iPhone, conectando o teléfono a un ordenador mediante o cable USB subministrado e iniciando a aplicación iTunes. A continuación, débese seleccionar o nome do dispositivo na barra lateral desta aplicación e premer despois “gardar copia de seguridade”. Esta acción tamén permite restaurar unha copia de seguridade previa do teléfono.

Desde a versión do sistema operativo iOS 5, tamén se pode activar a sincronización do dispositivo con iTunes a través dunha rede Wi-fi e do servizo na “nube” iCloud. Este servizo inclúe por defecto cinco xigabytes de espazo gratuito, ampliables mediante plans de pagamento. iCloud, a diferenza de iTunes, non deixa gardar os arquivos multimedia do dispositivo.

### Os accesorios para iPhone 4 S e anteriores modelos son compatibles co iPhone 5?

O iPhone 5 utiliza un novo conector denominado “lightning”, máis pequeno que o conector de 30 caravillas empregado nos modelos anteriores. Moitos dos accesorios compatibles no mercado contan cos antigos conectores. Por este motivo, é necesario adquirir un adaptador de conector “lightning” a 30 caravillas, dispoñible na tenda de Apple ou en distribuidores autorizados a un prezo de 29 euros. Este adaptador é compatible coa saída de son, a sincronización de datos e a carga. //